


O TANXIBLE, O AZAROSO, O FANTÁSTICO

A memoria, o exercicio da creación literaria como obxecto de recreación, a traxedia de deixar de ser antes de morrer, o Ourense natal evocado con suma transparencia..., motivos como a soidade, a violencia machista, o esboroamento do rural, o esvaecemento dos nomes dos lugares e das palabras que nunca máis han ser usadas, a corrupción, as situacións por veces desesperadas e fronteirizas cos límites do soportable, as consecuencias da guerra...

Isto, e máis, atopará o lector neste libro de relatos que o escritor ourensán Francisco X. Fernández Naval vén de publicar en Edicións Xerais, un libro, asemade, no que é doado percibir o diálogo con outras pezas narrativas súas como *Sombras*



RELATOS

«Para seguir bailando»

Francisco X. Fernández Naval.
Xerais. 152 páxinas.
15,80 euros. ***

no labirinto, O bosque das antas ou Tempo de Crepúsculo.

A man poderosa do autor, singularizada por esta mesma opción, manéxase acadamente polos límites do relato curto, sobardándoos por veces, e dotándolles da necesaria tensión a cada un deles sen que nunca, o que sen dúbida cómpre entender como un gran mérito, o resultado final sexa monocorde nin reiterativo, tanto no que se refire aos procedementos como as perspectivas exhibidas.

Velaí como, a carón de propostas máis canónicas ou tradicionais, non se esquece inserir por veces certa vontade experimentalista, lúdica en ocasións, sen fuxir noutras dos ecos biográficos, se se quer tamén identitarios ou colectivos, tanto persoais —non

se oculta a devoción cortazariana ou bonaerense tan presente en fórmulas narrativas como na propia concepción do que se conta— como de personaxes de carne e óso doadamente recoñecibles mercé aos que imos camiñando, por veces cara ao previsible pero onde hai lugar tamén para a sorpresa, para que adquira forma o fantástico e o azaroso que intervéñen de xeito determinante no día a día e que escoa con naturalidade por estas páxinas.

Relatos, en fin, de notable altura e solidez, como o é tamén o rexistro lingüístico que exhibe, e que ofrecen unha ollada que fabula coa realidade, deixando que esta agrome e se retrate dun xeito intenso, desacougante, extraordinariamente tanxible.

Ramón Nicolás